


DESCOBBRE

Ver para crer

PATRIMONIO RÍAS BAIXAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

 ríasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Diseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 394-2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Unha terra chea de segredos

PATRIMONIO **RÍAS BAIXAS**

Visitar **As Rías Baixas** e descubrir o seu **patrimonio** é a mellor maneira de entender todos os segredos que esta terra garda. **Pazos, castelos, fortalezas, edificios medievais, torres, xacementos...**

Unha viaxe no tempo cara ao máis esencial: a nosa historia, a nosa cultura. **Convidámote a descubrir os tesouros mellor conservados das nosas rías.**

Porque nas **Rías Baixas** todo é posible.

ÍNDICE

Páx. **8 COSTA NORTE**

- 8 Torres de Oeste, Catoira
- 9 Pazo de Rubianes, Vilagarcía de Arousa
- 9 Convento-pazo Vista Alegre, Vilagarcía de Arousa
- 10 Torre de Cálogo, Vilanova de Arousa
- 10 Pazo Baión, Vilanova de Arousa
- 11 Monte do Castro, Ribadumia
- 11 Pazo Quinteiro da Cruz, Ribadumia
- 12 Conxunto Histórico-Artístico de Cambados
- 12 Pazo de Fefiñáns, Cambados
- 14 Pazo de Lis, Meaño
- 14 Xacemento de Adro Lanuxe, O Grove
- 15 Torre de Miraflores, Sanxenxo
- 15 Xacemento da Lanzada, Sanxenxo
- 16 Conxunto Histórico-Artístico de Combarro, Poio
- 16 Mosteiro de Poio
- 17 Conxunto Histórico-Artístico de Pontevedra
- 17 Mosteiro de San Salvador de Lérez, Pontevedra

18 INTERIOR NORTE

- 18 Mercado medieval dos Pendellos de Agolada
- 19 Torre de Guimarei, A Estrada
- 19 Pazo de Oca, A Estrada
- 20 Mosteiro de Carboeiro, Silleda
- 20 Santuario da Virxe do Corpiño, Lalín
- 21 Ponte Bermaña, Caldas de Reis
- 21 Castro de Castrolandín, Cuntis
- 21 Pazo da Buzaca, Moraña
- 22 Mosteiro de Santa María da Armenteira, Meis
- 22 Pazo de Señoráns, Meis
- 23 Capital galega da arte rupestre, Campo Lameiro
- 23 Conxunto etnográfico Eira da Ermida, Cerdedo-Cotobade
- 24 Mosteiro de Aciveiro, Forcarei
- 24 Área arqueolóxica de Tourón, Ponte Caldelas



25 COSTA SUR

- 25 Castro da Subidá, Marín
- 25 Mámoa do Rei, Vilaboa
- 25 Dolmen de Chan da Arquiña, Moaña
- 25 Igrexa de Santa María de Cela, Bueu
- 26 Cruceiro do Hío, Cangas
- 26 Monte do Facho, Cangas
- 27 Castelo de Soutomaior
- 27 Cortello dos Mouros no monte da Peneda, Redondela
- 28 Conxunto Histórico-Artístico de Vigo
- 30 Templo Votivo do Mar e Arco Visigótico, Nigrán
- 30 Conxunto Histórico-Artístico de Baiona
- 30 Fortaleza de Monterreal, Baiona
- 31 Mosteiro de Santa María de Oia
- 31 Muíños do Folón e do Picón, O Rosal
- 32 Citania de Santa Trega, A Guarda

34 INTERIOR SUR

- 34 Arquitectura modernista de Mondariz-Balneario
- 34 Conxunto abacial de Barcia de Mera, Covelo
- 35 Castelo de Sobroso, Pontearreas
- 35 Castro de Troña, Pontearreas
- 35 Edificaci3ns de Antonio Palacios, O Porriño
- 35 Fortaleza militar de Goián, Tomiño
- 36 Conxunto Histórico-Artístico de Tui
- 36 Portal3n da Inquisici3n, Salvaterra de Miño
- 37 Recinto amurallado, Salvaterra de Miño
- 37 Pesqueiras do Miño, Arbo
- 37 Santuario da Virxe da Franqueira, A Cañiza
- 37 Torre de Fornelos, Crecente



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas



Un legado único, unha historia común

O patrimonio das Rías Baixas posúe un valor incalculable reflectido non só na nosa cultura, senón tamén no noso día a día. Convivimos con pazos ancestrais, camiñamos as vías de antigas fortalezas, divertímonos nos centros históricos das nosas cidades, paseamos polos nosos montes milenarios. Este patrimonio incommensurable forma parte de nós. Presentámoscho.



1 CATOIRA

Torres de Oeste

As orixes da fortaleza da que formaban parte as torres de Oeste remóntanse á época castrexa, nos séculos II e I a. C. Na Idade Media, foi unha das fortalezas máis importantes de Galicia, xa que controlaba o tránsito fluvial do río Ulla. Actualmente consérvanse os restos de dúas torres e a capela, restaurados a partir de 1970 e catalogados como Monumento Histórico-Artístico. **Como chegar:** 42.676804, -8.72568



2 VILAGARCÍA DE AROUSA

Pazo de Rubianes

Edificado sobre unha torre-fortaleza do s. XII, os Caamaño, fundadores de Vilagarcía de Arousa, construíron a súa residencia a principios do s. XV. No seu xardín destacan as magnolias e máis de sesenta variedades de camelias, ademais dalgúns dos eucaliptos máis lonxevos de Galicia. O seu xardín foi declarado de excelencia internacional, e conta co viñado máis extenso da comarca do Salnés. **Como chegar:** 42.578055, -8.733050



Convento-pazo Vista Alegre

O pazo foi construído no s. XVI polo abade de Teverga e na segunda metade do s. XVII fundouse aquí mesmo o convento de monxas agostiñas, contiguo ao pazo. Destaca o grande arco que comunica as dúas edificacións, construído unicamente en granito e cunha gran sinxeleza decorativa propia da época renacentista. A igrexa do convento (igreja de San Cristovo), construída no s. XVII, enmárcase dentro do Neoclasicismo. **Como chegar:** 42.592884, -8.768853

3 VILANOVA DE AROUSA

Torre de Cálogo

Formaba parte do antigo mosteiro de San Cibrán Cálogo (s. VII) e a súa finalidade era defender as costas galegas dos ataques dos barcos invasores. Destruído polos ataques normandos nos s. IX e X, cos seus restos construíuse a cimentación da antiga igrexa parroquial da Pastoriza, e o seu legado recolleuno a súa actual igrexa parroquial en honra a San Cibrán de Vilanova. **Como chegar:** 42.567075, -8.828327

Pazo Baión

Tamén coñecido como pazo de Fontán, data do s. XX e ten os seus antecedentes nunha antiga casa-torre. O corpo central é simétrico e ten un frontispicio con balconada apoiada sobre columnas de estilo clásico. As dúas torres posúen un notable perímetro con ameas de forte presenza e gárgolas. Dentro da propiedade existen dous enormes celeiros, un pombal e unha torre-capela con anexións que outrora daban conta da frutífera explotación de vacún e que agora se aproveita para o cultivo e elaboración de albariño (comercializado co nome do pazo). **Como chegar:** 42.563697, -8.72219



4 RIBADUMIA

Monte do Castro

O xacemento arqueolóxico de monte do Castro estivo ocupado entre os séculos IV a. C. e I d. C. e sitúase nun enclave peculiar do val do Umia, a 110 metros de altura. Presenta unha forma elíptica alongada e irregular e durante as escavacións descubríronse estruturas moi salientables, ademais de milleiros de pezas como o gran caldeiro de bronce e a fíbula dos leóns. **Como chegar:** 42.522579, -8.739603

Pazo Quintero da Cruz

Foi construído no ano 1790 e é de estilo neoclásico. Nel destacan dous hórreos de pedra dos séculos XVIII e XIX, un deles de dezaseis pés; reloxos de sol; dous cruceiros; unha pía bautismal do século XVI procedente da igrexa parroquial de San Félix de Lois e un amplo xardín habitado por especies exóticas e numerosas camelias. **Como chegar:** 42.530277, -8.727777



5 CAMBADOS

Conxunto Histórico-Artístico de Cambados

Cambados, localidade coñecida como capital do albariño, é unha vila rodeada de casas señoriais, casonas de pedra e monumentos, o que a converte nun museo ao aire libre esculpido en granito. É froito da unión de tres localidades: Fefiñáns, un espazo envolto en carácter nobre; Santo Tomei, un barrio mariñeiro onde a mirada se dirixe a unha torre de defensa con vistas panorámicas increíbles; e o propio barrio de Cambados onde conviven praias, rúas de pedra e as ruínas de Santa Mariña Dozo. **Como chegar:** 42.515133, -8.814911

Pazo de Fefiñáns

Construído no s. XVI por Juan Sarmiento de Valladares, conselleiro do rei Felipe II, este pazo ten forma de L e nel destacan os grandes balcóns circulares nas esquinas exteriores do edificio, ademais da súa decoración renacentista sobre as xanelas. Este espectacular conxunto arquitectónico foi declarado Ben de Interese Cultural e acolle unha aclamada adega de viño albariño, a primeira que comercializou este caldo con marca e etiqueta da Denominación de Orixe Rías Baixas. **Como chegar:** 42.518755, -8.813678





6 MEAÑO

Pazo de Lis

É a peza arquitectónica civil máis importante de Meaño. Foi a casa consistorial ata o ano 1958 e actualmente alberga o Museo da Muller Labrega. **Como chegar:** 42.442627, -8.782315

7 O GROVE

Xacemento de Adro Lanuxe

Este importante xacemento arqueolóxico atópase ao bordo da praia do Carreiro. Conta cunha vila romana, unha necrópole de inhumación, a planta dunha igrexa visigótica do s. V e elementos dunha fortificación da Baixa Idade Media, posterior ao s. XII. **Como chegar:** 42.477741, -8.93114



Torre de Miraflores

Aínda que se descoñece con exactitude a súa data de construción, está documentado que no s. XVII xa existía o corpo da torre, ao que posteriormente se engadiu outro, constituíndo un monumental conxunto arquitectónico. Crese que o seu fundador foi Diego Sarmiento de Valladares, inquisidor xeral do s. XVII. Durante a segunda metade do s. XIX foi residencia de verán dos Figueroa e Somoza, condes de Pardo Bazán, de cuxo matrimonio naceu en 1851 a escritora Emilia Pardo Bazán. Aquí é onde pasou os veráns da súa nenez.

Como chegar: 42.405273, -8.797517

Xacemento da Lanzada

Está composto polo castro, a necrópole, a fortificación medieval e a capela da Lanzada. As primeiras escavacións, realizadas na década dos 50, deixaron ao descuberto un poboado castrexo do século III a. C. e unha gran necrópole baixorromana con sepulturas de incineración e de inhumación, ademais de enterramentos onde se encontraron alfinetes de óso e bronce, moedas, chatolas de calzado ou laxes de pedra. No ano 2016 retomáronse as escavacións, cuns achados moi importantes, tales como esqueletos, pezas de *terra sigillata* e unha espada de bronce de tradición mediterránea que data dos séculos VIII-IX a. C., entre outros. Tras unha análise estratigráfica púidose comprobar a existencia e continuidade da poboación desde finais da Idade de Bronce ata tempos moi avanzados da romanización. A poucos metros atópase un resto da torre da Lanzada, levantada na Alta Idade Media polos meiriños de Iria. Neste lugar tamén se atopa a emblemática capela da Lanzada, que consta dunha nave do románico tardío (s. XII) ligada á fortaleza do s. X.

Como chegar: 42.429775, -8.877876



Conxunto Histórico-Artístico de Combarro



O conxunto histórico, artístico e pintoresco de Combarro foi construído directamente sobre o granito á beira do mar e representa a esencia da arquitectura popular galega. Atópase escondido á beira da ría de Pontevedra e mantén intacta a súa estrutura urbanística e arquitectónica propia dos séculos XVIII e XIX. **Como chegar:** 42.43121, -8.705347

Mosteiro de Poio

O primeiro documento relativo ao mosteiro data do ano 942. Hoxe en día conta con dous claustros: un renacentista con bóveda de crucería e unha fonte barroca no xardín, coñecido como “claustro das procesións”; e outro barroco recuberto cun mosaico de 200 m² que representa o Camiño Francés a Santiago de Compostela, coñecido como o “claustro dos laranxeiros”. **Como chegar:** 42.446201, -8.685203

Conxunto Histórico-Artístico de Pontevedra



O centro histórico da capital da provincia é un dos mellor conservados de España. As súas fermosísimas rúas porticadas conducen a unha infinidade de prazas de gran encanto con nomes moi suxestivos: a praza da Ferrería, a praza do Teucro ou a praza da Verdura. Paseando pola zona antiga pódense contemplar as ruínas do antigo convento de Santo Domingo ou a basílica de Santa María a Maior, que destaca pola súa portada plateresca.

Pontevedra conta con varias igrexas conventuais como a de San Francisco ou a igrexa de Santa Clara, pero é o santuario da Virxe Peregrina (1778), cuxa planta lembra as cunchas de vieira, un dos puntos de maior interese turístico.

Ademais, son moitos os casais de avoengo que podemos descubrir en pleno conxunto histórico, entre os que destacan os tres pazos que albergan o Museo de Pontevedra. **Como chegar:** 42.434116, -8.647571

Mosteiro de San Salvador de Léz

Trátase dun antigo mosteiro beneditino con elementos barrocos e neoclásicos, do s. IX aproximadamente. Foi reformado e ampliado en varias ocasións, aínda que conserva a escaleira, o patio e o claustro da súa estrutura orixinal. A súa igrexa data do s. XVIII e nela atópase a imaxe de san Benito, considerado o santo máis milagreiro (cada 11 de xullo miles de devotas e devotos acoden con intención de curar algún mal). **Como chegar:** 42.449116, -8.631971



11 AGOLADA

Mercado medieval dos Pendellos de Agolada

Os mercados eran feiras de actividade e vida dunha comunidade e xeraban un núcleo de organización das localidades da zona na que se enmarcaban. Os restos conservados deste mercado popular descubren un espazo creado para o ritual do troco, compra e venda, charla, regateo, encontros, enganos e ganancias etc.

Estes son unhas construcións eminentemente prácticas, sen ornamentación algunha, levantadas cunha técnica moi eficaz e sinxela: numerosos alpendres integran grandes mostradores e bancos corridos. O espazo queda estruturado en rúas estreitas con cubertas a ambos os dous lados. O armazón que forma este antigo mercado medieval dos pendellos de Agolada foi rehabilitado para poder permitirmos descubrir e imaxinar o conxunto en plena actividade. **Como chegar:** 42.762611, -8.018459



Torre de Guimarei

Constitúe o último resto dun castelo medieval destruído polos ataques irmandiños no s. XV. Trátase dunha torre do s. XII, de planta cadrada e actualmente en estado de abandono, aínda que se considera o conxunto máis representativo do municipio da Estrada. **Como chegar:** 42.68544, -8.479151

Pazo de Oca

Data dos s. XVII e XVIII e é o exemplo máis representativo da arquitectura pacega galega. É coñecido como o “Versalles galego”, e nel destacan a igrexa-capela, con dúas torres unidas ao pazo; o propio pazo, cunha torre de planta rectangular con ameas e varios brasóns; e os xardíns, formados por un conxunto de sebes, balaustradas e pontes, no que ademais destacan dous grandes estanques. **Como chegar:** 42.797417, -8.383026



13 SILLEDA

Mosteiro de Carboeiro

Foi construído no ano 939 sobre unha pequena ermida chamada Éxica polos discípulos do mestre Mateo, cunha ornamentación estreitamente vinculada á Catedral de Santiago de Compostela. A igrexa foi construída xunto ao mosteiro a finais do s. XII, proxectada polo abade Fernando e os seus monxes. No seu deseño destaca a fachada oriental, a máis impresionante pola súa gran ábsida de tripla capela apoiada sobre o xigante pedestal da cripta. É considerado unha xoia do románico oxival galego. **Como chegar:** 42.755535, -8.246076



14 LALÍN

Santuario da Virxe do Corpiño

Segundo un manuscrito que se atopa na Diocese de Lugo a súa data de construción é anterior a 1650. A historia remóntase ao s. VII, cando atoparon morto no monte Carrio un eremita que dedicou a súa vida ao illamento e penitencia . Na súa memoria construíron unha capela en honra a San Cibrán, coñecida como do Corpiño. **Como chegar:** 42.745075, -8.215222

15 CALDAS DE REIS

Ponte Bermaña

Está construída en cantería granítica e data do século I d. C. Formada por tres arcos de medio punto e tallamar triangular, anteriormente formaba parte dun antigo camiño militar romano. O Camiño Portugués a Santiago de Compostela pasa por esta ponte e constitúe un dos máis belos recunchos da vila. **Como chegar:** 42.60585, -8.644988

16 CUNTIS

Castro de Castrolandín

O poboado fortificado de Castrolandín data de finais da Idade de Ferro, foi habitado entre os séculos IV a. C. e o século I d. C. para despois ser abandonado pola chegada dos romanos. O asentamento está formado por muralla, parapeto e coroa central, e conta con máis de 1000 m² de xacemento escavado e musealizado. **Como chegar:** 42.636784, -8.552311



17 MORAÑA

Pazo da Buzaca

Data do século XVI e está formado por unha casa grande, a galería e un terreo de 40.000 m² de xardín e horta, onde se atopan dous imponentes hórreos, unha torre da homenaxe, un pombal e unha capela. Neste pazo existe unha das mellores labras heráldicas de Galicia, con armas da familia Varela de Cerda, unha das máis ilustres da época. **Como chegar:** 42.556244, -8.572815

Mosteiro de Santa María da Armenteira

Sitúase, envolto nun manto verde de vexetación, escondido tras a natureza. Foi fundado entre os anos 1149 e 1162 pero en 1837 foi abandonado definitivamente. Non foi ata 1989 cando, tras unha rigorosa restauración, foi de novo habitado por unha pequena comunidade de monxas. Conta cun claustro do s. XVII que presenta arcos de medio punto e bóveda de crucería. Ademais do seu gran valor patrimonial e dunha amable hospedería, o visitante pode adquirir xabóns artesanais de gran calidade feitos con aceites esenciais e herbas aromáticas polas propias monxas. **Como chegar:** 42.496403, -8.728638

Pazo de Señoráns

Este casal do século XIV presenta unha sólida fachada de pedra de cantería, un hórreo como principal punto de atención e un vello forno de pan. A adega formaba parte dun conxunto que tamén incluía a solaina, o pombal, o cruceiro e a capela en honra a san Xaquín e santa Ana. Hoxe posúe unha adega de 10 hectáreas de albariño de gran calidade, que se comercializa co nome do pazo. **Como chegar:** 42.546993, -8.709068



19 CAMPO LAMEIRO

Capital galega da arte rupestre

Nun pequeno territorio de 64 km² atópase a maior concentración de calidade de gravados rupestres de Europa, polo que se converteu na capital da arte rupestre galega. Visitar o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre é unha verdadeira experiencia, xa que patrimonio cultural e natural van da man para desvelar a maxia dos gravados rupestres galegos.

Como chegar: 42.542114, -8.529822



20 CERDEDO-COTOBADA

Conxunto etnográfico Eira da Ermida

As eiras son prazas con agrupacións de hórreos vinculadas ás casas ou moi próximas a elas. Son moi comúns as eiras comunais de propiedade colectiva. O conxunto etnográfico da Ermida consiste nunha agrupación de 21 hórreos do século XIX ao redor da ermida da Virxe dos Remedios. **Como chegar:** 42.56509, -8.418577

21 FORCAREI

Mosteiro de Aciveiro

Esta xoia da arquitectura románica foi construída no ano 1135 baixo a tutela do rei galego Afonso VII e incorporado ao Císter en torno ao ano 1170. A súa igrexa posúe unha planta basilical dividida en tres naves e data do románico tardío. Foi restaurado en diversas ocasións aínda que se respectou fielmente a estrutura do recinto cenobial e as pautas arquitectónicas do estilo cisterciense. **Como chegar:** 42.618423, -8.30168



22 PONTE CALDELAS

Área arqueolóxica de Tourón

Tourón atesoura un dos complexos de arte rupestre ao aire libre máis singulares do territorio galego. Un enorme xacemento arqueolóxico de máis de 150.000 m² de extensión que ofrece cinco estacións rupestres con gravados. **Como chegar:** 42.388875, -8.525322



23 MARÍN

Castro da Subidá

Sitúase no monte das Sete Espadas, un lugar privilexiado para a creación dun recinto amurallado, e conta cunha magnífica visibilidade sobre a vila de Marín e a ría de Pontevedra. A súa habitabilidade data desde o século IX a. C. ata o século II d. C. De toda a súa extensión só se escavou un 1 %, deixando ao descuberto os cimentos dalgunhas vivendas circulares. **Como chegar:** 42.382309, -8.70817

24 VILABOA

Mámoa do Rei

É o maior túmulo conservado na zona, unha necrópole megalítica composta por sete mámoas. As súas dimensións son moi considerables, 25 metros de diámetro e máis de 2 metros de altura. Un anel perimetral de pedra delimita o montículo protexido por unha coiraza de pedra de medio tamaño. **Como chegar:** 42.361874, -8.675466

25 MOAÑA

Dolmen de Chan da Arquiña

O dolmen é un monumento megalítico funerario de gran riqueza arqueolóxica, con máis de 5.000 anos de antigüidade en Galicia. Chan da Arquiña está semisoterrado pero permítenos ver a entrada e o seu interior. **Como chegar:** 42.320072, -8.697964

26 BUEU

Igrexa de Santa María de Cela

É un templo románico do século XII levantado pola orde de San Xoán de Xerusalén. Consta dunha soa nave que termina nunha ábsida rectangular á que se abre un van de arcos de aresta. Destacan no presbiterio dous arcos oxivais con curiosas figuras nas bases e capiteis. **Como chegar:** 42.326721, -8.752827

Cruceiro do Hío

A súa talla representa dramaticamente os momentos máis significativos da vida humana, desde a creación ata a redención, de forma simbólica. Foi esculpido nunha soa peza en 1872 por Ignacio Cerviño pero a iconografía é barroca, aínda que o simbolismo das figuras está moi discutido. Situado na praza da igrexa de Santo André, está considerado un dos máis importantes de Galicia. **Como chegar:** 42.270172, -8.82949

Monte do Facho

O alto do monte do Facho acolleu ao longo dos séculos distintos tipos de asentamento. No século X a. C., un poboado na ladeira este. No século XI a. C., un castro galaico. Entre os séculos II e IV d. C. asentouse na cima un santuario en honra ao deus Berobreo. Todos estes trazos aínda se conservan a día de hoxe. **Como chegar:** 42.276585, -8.860904



28 SOUTOMAIOR

Castelo de Soutomaior

Trátase dun castelo medieval do século XII, cuxa fundación se vincula a Pax Méndez So-
rrede. Foi propiedade de numerosas familias, aínda que adquiriu o seu máximo esplendor
con Pedro Madruga. É unha edificación con dobre perímetro amurallado, de planta oval e
forma irregular na que se abren dúas entradas. O complexo fortificado componse de dúas
partes, a torre e o pazo encostado, pero destaca a ponte levadiza que comunica coa torre
e foi, no seu día, un importante elemento de defensa. **Como chegar:** 42.328833, -8.567833



29 REDONDELA

Cortello dos Mouros no monte da Peneda

Forma parte da necrópole megalítica do monte da Peneda e está integrado por 39 túmulos,
os máis coñecidos Cortello dos Mouros e Mámoa do Rei. A cámara megalítica posúe unha
planta poligonal e ten un diámetro de 15 metros. A mámoa aséntase nun dos miradoiros
naturais máis espectaculares da ría de Vigo, desde onde se pode divisar a enseada de San
Simón. **Como chegar:** 42.327904, -8.590721

Conxunto Histórico-Artístico de Vigo

O percorrido monumental máis interesante parte da Porta do Sol, quilómetro cero da cidade, que se complementa coa arquitectura ecléctica das rúas Urzáiz, Colón, Príncipe, Areal ou Policarpo Sanz. Exemplo de grandeza arquitectónica son o edificio Bonín, de Jenaro de la Fuente, ou o Teatro García Barbón, de Antonio Palacios. Desde a praza da Constitución, emprazamento do antigo concello, o visitante pode dirixirse á zona antiga, pasando pola rúa dos Cesteiros e a concatedral de Santa María, ata chegar ao barrio mariñeiro do Berbés. **Como chegar:** 42.23903, -8.726374





31 NIGRÁN

Templo Votivo do Mar e Arco Visigótico

O Templo Votivo do Mar é obra do insigne arquitecto Antonio Palacios. Foi construído entre 1932 e 1937 nun estilo complexo de definir, xa que recolle elementos de diversas procedencias. Emprega pedra espida dentro dunha tipoloxía rexionalista na que aparecen marcados trazos góticos e mesmo islámicos. A poucos metros atópase o arco visigótico, un fermoso arco prerrománico de ferradura que data do século VII. **Como chegar:** 42.14547, -8.82286

32 BAIONA

Conxunto Histórico-Artístico de Baiona

O centro histórico de Baiona foi declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1993, coincidindo coa celebración do V Centenario da Arribada. As súas rúas empedradas mostran numerosos casais señoriais coma o pazo de Correa, do s. XVIII (e que actualmente alberga o concello), o cruceiro da Trindade (do s. XV) e templos como a antiga colexiata de Santa María (s. XIII). **Como chegar:** 42.119293, -8.849756

Fortaleza de Monterreal

Do s. XIV, metade fortaleza medieval e metade pazo galego, está rodeada por 3 km de muralla ameada do século XI e XVII. Actualmente a muralla mantén as tres torres desde as que se custodiaba a fortaleza. Aquí instálase o parador de turismo Conde de Gondomar. **Como chegar:** 42.125633, -8.850181



33 OIA

Mosteiro de Santa María de Oia

Data do século XII e posúe elementos arquitectónicos románicos, góticos e barrocos froito das reformas sufridas desde a súa construción ata o século XX. Destaca a sancristía, o coro alto, o claustro procesional e o piso baixo dos cuartos monacais.

Como chegar: 42.00293, -8.876511



34 O ROSAL

Muíños do Folón e do Picón

O conxunto etnográfico consta de 60 muíños hidráulicos dos séculos XVII e XVIII que se atopan divididos en dous tramos: os muíños do Folón, que constan de 36 muíños na súa vertente; e os muíños do Picón, que constan de 24 construcións. Podemos atoparnos tanto con muíños de canle como muíños de cubo, que gardan grandes tradicións galegas: cantares, xogos, costumes familiares etc. **Como chegar:** 41.956448, -8.837664

Citania de Santa Trega

Trátase dun poboado castrexo-romano, ou galaico-romano, cuxa ocupación data do século IV a. C. O seu sistema construtivo reflicte a tradición castrexa, na que predominan as construcións circulares. A súa extensión é dunhas 20 hectáreas, o que o converte nun dos maiores castros atopados en terras galegas.

En canto ás características principais destas ruínas atópanse o deseño da muralla, onde parece primar a función de delimitación do terreo como acción defensiva ou disuasoria; e o deseño das cabanas, que teñen planzas circulares ou ovaladas e, salvo excepcións, non comparten paredes medianeiras. As cabanas aséntanse directamente sobre a rocha nai, os seus muros están recubertos de cal e area e no seu interior algunhas posúen bancos acaroados.

Entre os anos 2015 e 2016 realizáronse importantes achados como unha cabeza pétreo, ánforas romanas, lucernas romanas, pezas de *terra sigillata*, fragmentos de labras decoradas e máis de 42.500 pezas e elementos pétreos. Santa Trega é, sen dúbida, un dos legados patrimoniais máis importantes das Rías Baixas e de Galicia.

Como chegar: 41.89267, -8.869628





36 MONDARIZ-BALNEARIO

Arquitectura modernista de Mondariz-Balneario

Mondariz-Balneario é o municipio máis pequeno de España e é recoñecido polas súas augas medicinais. En 1898 construíuse o Gran Hotel Sanatorio (obra de Jenaro de la Fuente), dotado dos mellores e máis luxosos elementos de construción, chegando a ser un dos centros de hidroterapia máis importantes do mundo. **Como chegar:** 42.224037, -8.470116



37 COVELO

Conxunto abacial de Barcia de Mera

Está composto pola casa reitoral, a igrexa de San Martiño e capela de San Xoán de Mosteiro. É de estilo barroco e cabe destacar a fermosa fachada ornamentada da casa reitoral, con influencia de culturas precolombinas. A súa gran cheminea, o seu patio interior, as gárgolas e as espectaculares vistas fan desta obra un dos conxuntos arquitectónicos máis importantes de Galicia. **Como chegar:** 42.266987, -8.383519



38 PONTEAREAS

Castelo de Sobroso

Nun promontorio rochoso na ladeira do monte Landín álzase a fortaleza de Sobroso, a 334 metros de altura. O seu nome, antigamente “Soveroso”, garda relación coa existencia de sobreiras no lugar. Foi escenario das revoltas irmandiñas no século XV, polo que foi case completamente destruído e posteriormente reconstruído por Pedro Madruga e García Sarmiento. Nos séculos do XVI ao XVIII converteuse en xurisdición e perdeu o seu papel militar, quedando así abandonado. En 1981 foi adquirido e restaurado polo concello de Ponteareas e, en 2014, foi cedido á Deputación de Pontevedra. **Como chegar:** 42.205902, -8.46424

Castro de Troña

Recinto amurallado con forma oval que presenta amplas terrazas na pendente oeste. Como moitos dos asentamentos castrexos de Galicia, acadou o seu máximo esplendor entre os séculos I a. C. e II d. C., aínda que posiblemente estivo habitado moitos anos antes. Nel pódense atopar ao redor de 30 construcións escavadas de variada tipoloxía, sendo algunhas de planta circular, outras elípticas, cadradas e ata rectangulares.

Como chegar: 42.213779, -8.489182

39 O PORRIÑO

Edificacións de Antonio Palacios

O Porriño é a terra natal de Antonio Palacios, un arquitecto de gran sensibilidade que adopta unha postura experimental e investigadora nas súas creacións. Foi el quen creou a Fonte do Cristo (1904-1907) e a Botica Nova, dous edificios emblemáticos do Porriño. En 1918 deseñou un pavillón metropolitano para a Gran Vía madrileña que en 1971 foi trasladado ao Porriño cando decidiron prescindir del. Tamén proxectou o actual concello do Porriño. **Como chegar:** 42.161877, -8.617255


40 TOMIÑO

Fortaleza militar de Goián

Tamén coñecida como forte de San Lourenzo, é un sistema que enfrenta a dúas poboacións de diferentes países. Foi construída tras a Guerra da Restauración en 1668 para un posible conflito con Portugal. **Como chegar:** 41.940594, -8.75267

Conxunto Histórico-Artístico de Tui

Tui constitúe un singular exemplo de urbe medieval. Levántase nun pronunciado promontorio coroado pola catedral, desde onde parte un complexo labirinto de rúas porticadas en forma de enxame, que se estenden ata o río Miño. A catedral é unha construción de estilo románico e oxival na que se atopa o Museo Catedralicio. Outros referentes culturais son o convento das Encerradas e a capela de San Telmo. **Como chegar:** 42.046143, -8.644918



Portalón da Inquisición

A súa orixe e o seu nome débense ao inquisidor Bartolomeu Barbeito e Padrón, que o fundou neste lugar en 1688. É o resto dunha gran casa de repouso para clérigos, pobres e unha escola. **Como chegar:** 42.110566, -8.847901

Recinto amurallado

Construción orixinaria da Idade Media conformada por unha envexable atalaia sobre o río Miño. A súa historia áchase intimamente ligada a unha serie de acontecementos que dan nome a algunha das súas estancias máis características, como a presenza de Dona Urraca ou a de Pedro Álvarez de Soutomaior, alias Pedro Madruga. **Como chegar:** 42.080906, -8.496061

43 ARBO

Pesqueiras do Miño

As pesqueiras son construcións que se atopan no río Miño e constitúen o método de captura principal da lamprea. Feitas de pedra, están situadas a ambos os dous lados do río Miño e adéntranse na canle fluvial desde as dúas ribeiras. A súa orixe é ancestral. **Como chegar:** 42.1194, -8.284335

44 A CAÑIZA

Santuario da Virxe da Franqueira

O primeiro testemuño verídico da existencia do antigo mosteiro da Franqueira procede de 1063. En 1144 recibe unha importante doazón de Afonso VII e en 1293 incorpórase á Orde do Císter a través do mosteiro de Melón (Ourense). Como toda abadía cisterciense de Galicia, A Franqueira pertenceu á filiación de Clairvaux, pero coa incorporación da congregación de Castela en 1521 perdeu a súa categoría abacial. A partir de 1835 desaparece a vida monástica, quedando unicamente en uso o seu santuario. A Franqueira é un santuario que consta dunha soa nave dividida en catro máis pequenas, e nel destaca a vistosa torre do século XVIII. **Como chegar:** 42.183758, -8.36018

45 CRECENTE

Torre de Fornelos

Trátase dunha construción erixida na Idade Media; a primeira referencia documental data do ano 1158. A fortaleza de Fornelos foi testemuña das loitas entre Afonso VII (rei de Galicia) e o seu primo Afonso Henriques (rei de Portugal), que deron lugar á independencia de Portugal. Foi na segunda metade do s. XV cando as revoltas Irmandiñas desfixeron a fortaleza que un tempo despois reconstruiría Pedro Madruga. Actualmente só se conserva a torre da home-naxe e restos da muralla. **Como chegar:** 42.08540, -8.14056

DESCUBRINDO TESOUROS



COSTA NORTE

- 1 CATOIRA
- 2 VILAGARCÍA DE AROUSA
- 3 VILANOVA DE AROUSA
- 4 RIBADUMIA
- 5 CAMBADOS
- 6 MEAÑO
- 7 O GROVE
- 8 SANXENXO
- 9 POIO
- 10 PONTEVEDRA



INTERIOR NORTE

- 11 AGOLADA
- 12 A ESTRADA
- 13 SILLEDA
- 14 LALÍN
- 15 CALDAS DE REIS
- 16 CUNTIS
- 17 MORAÑA
- 18 MEIS
- 19 CAMPO LAMEIRO
- 20 CERDEDO-COTOBADA
- 21 FORCAREI
- 22 PONTE CALDELAS



COSTA SUR

- 23 MARÍN
- 24 VILABOA
- 25 MOAÑA
- 26 BUEU
- 27 CANGAS
- 28 SOUTOMAIOR
- 29 REDONDELA
- 30 VIGO
- 31 NIGRÁN
- 32 BAIONA
- 33 OIA
- 34 O ROSAL
- 35 A GUARDA



INTERIOR SUR

- 36 MONDARIZ-BALNEARIO
- 37 COVELO
- 38 PONTEAREAS
- 39 O PORRIÑO
- 40 TOMIÑO
- 41 TUI
- 42 SALVATERRA DE MIÑO
- 43 ARBO
- 44 A CAÑIZA
- 45 CRECENTE







DESCOBRE

Ver para crer

PATRIMONIO RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



ríasbaixas